

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN MORAL E CATÓLICA

6º PRIMARIA

CEIP DE CARNOTA
CURSO 2021-2022

Mª Zoila Piñeiro Sendón

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	6
4. OBXECTIVOS POR CURSO.....	11
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	11
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.....	13
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	14
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	16
9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.....	17
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	18
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	19
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	20

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

-ADAPTACIÓN Ó PROTOCOLO COVID-19

Dadas as circunstancias actuais dadas pola Covid-19, vémonos na necesidade de facer unhas modificacións na metodoloxía, instrumentod de avaliación, e recursos. Botaremos man de posibles circunstancias que se poidan dar con respecto a modo de impartir as clases (presencial, semi-presencial, on line). Non se planteará o feito dun Plan de recuperación nesta área ó traballar a materia de forma cíclica. Sendo que a planificación do ensino está relacionada coas decisións que o mestre/a debe tomar antes de iniciar o desenvolvemento da mesma, ou o que é igual, con todas aquelas funcións, actividades ou decisións relacionadas co proceso educativo que se deben determinar antes de pór en práctica as distintas actividades cos alumnos/as.

O ensino da Relixión Católica axudará aos alumnos/as a ampliar os espazos da racionalidade e a adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal sexa a súa manifestación concreta. Dos 10 alumnos/as deste curso, os 10 van a Relixión.

- Análise do contorno.

O CEIP DE CARNOTA está ubicado na capital do concello. O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-550, de Fisterra a Santiago. Dista 65 quilómetros da capital da provincia.

A poboación desprázase habitualmente a Cee e Muros onde se atopan os principais servizos, coma o hospital, facenda, xulgado, etc. A poboación está concentrada en diversos núcleos de poboación non moi distanciados.

Tradicionalmente é unha zona dunha forte emigración. Hai pais e nais teñen estudos primarios, algúns ata teñen estudos secundarios e incluso universitarios. Hainos que traballan por conta allea.

As actividades económicas, maioritariamente, están relacionadas con mar e servizos.

O centro está adscrito ao IES “Lamas de Castelo” de Cee.

- Análise do centro educativo.

O noso centro atópase en Carnota preto da casa do concello.

Instalacións:

-Primeiro andar do edificio do colexio: aula de informática e de medios audiovisuais; sala de mestres; comedor; conserxerías; servizos; aula de música; aula de Audición e Linguaxe; aula para alumnos/as con necesidades educativas especiais; biblioteca ;as tres aulas dos tres cursos de Educación Infantil; as dúas aulas de sexto de Educación Primaria.

-Segundo andar do edificio do colexio: con seis aulas destinadas ós outros cursos de Educación Primaria; aula de Orientación.

-Patio cuberto.

-Patio de recreo, con xogos infantís.

-Edificio anexo ou ximnasio.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico como é a *dimensión cultural e histórica* que está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos, tamén a *dimensión ético-moral* que fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo, ademáis da *dimensión humanizadora* que faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores e a *dimensión epistemolóxica* sendo os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a área	%	1ª	2ª	3ª	Instrumentos de avaliación e Procedementos de avaliación	Metodoloxía	C. C.
				AV	AV	AV			
RB1.1. Evaluar circunstancias que manifestan a imposibilidade e da natureza humana para alcanzar a plenitude.	RB1.1.1. Identifica e xuzga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.	RB1.1.1.1. Recoñece situacións que levan a infelicidade.	5,88%	X			<u>I.Av.</u> : diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común, diálogo, exposición dun tema. <u>P.Av.</u> : observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado, probas específicas.	Activa, creativa, participativa, combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CCL CAA CSC CSIE E
RB1.2.	RB1.2.1. Busca,	RB1.2.1.1. Encontra na	5,88%	X			<u>I.Av.</u> : diario de clase, caderno de	Activa, creativa, participativa,	CCL

Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	compara e comenta distintas expresións do desexo humano da salvación na literatura e música actuais.	literatura e na música expresións do desexo humano de salvación.					clase, escala de observación, posta en común, exposición dun tema, investigaciónes. <u>P.Av.:</u> observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado, probas específicas.	combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CAA CD CSIE E
RB1.3. Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana alcánzase na relación con Deus.	RB1.3.1. Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divinidade.	RB1.3.1.1. Entende que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divinidade.	5,88%	X			<u>I.Av.:</u> diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común, resúmenes, investigaciónes. <u>P.Av.:</u> observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado.	Activa, creativa, participativa, combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CCL CAA CSIE E CCEC
RB1.4. Recoñecer que a relación con Deus fai á persoa máis humana.	RB1.4.1. Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	RB1.4.1.1. Recoñece o feito relixioso como motor para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	5,89	X	X	X	<u>I.Av.:</u> diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común, exposición dun tema, investigaciónes. <u>P.Av.:</u> observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado, probas específicas.	Activa, creativa, participativa, combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CCL CAA CSC CSIE E
RB2.1.	RB2.1.1. Identifica e	RB2.1.1.1. Identifica	5,88%		X		<u>I.Av.:</u> diario de clase, caderno de	Activa, creativa, participativa,	CCL

<p>Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.</p>	<p>valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.</p> <p>RB2.1.2. Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.</p> <p>RB2.1.3. Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.</p>	<p>expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.</p> <p>RB2.1.2.1. Compara expresións da sabedoría de Israel coa sabedoría popular.</p> <p>RB2.1.3.1. Propón situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.</p>				<p>clase, escalas de observación, posta en común, diálogo, investigaciónes.</p> <p><u>P.Av.</u>: observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p>	<p>combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.</p>	<p>CAA CSC CCEC</p>
<p>RB3.1. Distinguir que a través de Xesús atopamos a Deus.</p>	<p>RB3.1.1. Busca nos discursos do evanxeo de Xoan frases que expresan a relación de Xesús co Pai e se esforza por comprender o seu significado.</p> <p>RB3.1.2. Identifica e sintetiza os rasgos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoan.</p>	<p>RB3.1.1.1. Recoñece no evanxeo de Xoan frases que expresan a relación de Xesús co Pai.</p> <p>RB3.1.2.1. Identifica no evanxeo de Xoan os rasgos que Xesús desvela do Pai.</p>	5,88%		X	<p><u>I.Av.</u>: diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común, resúmenes.</p> <p><u>P.Av.</u>: observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado.</p>	<p>Activa, creativa, participativa, combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>

RB3.2. Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para facer a vontade de Deus.	RB3.2.1. Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ao Pai con situacións que viven os seres humanos.	RB3.2.1.1. Compara as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer a vontade de Deus coas dificultades que viven os seres humanos.	5,88%		X		<u>I.Av.:</u> diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común. <u>P.Av.:</u> observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.	Activa, creativa, participativa, combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CCL CCA CSIE E
RB3.3. Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.	RB3.3.1. Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos. RB3.3.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.	RB3.3.1.1. Recoñece a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos. RB3.3.2.1. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.	5,88%		X		<u>I.Av.:</u> diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común, resúmenes. <u>P.Av.:</u> observación sistemática, análise de produccions do alumnado, intercambios orais co alumnado.	Activa, creativa, participativa, combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CCL CAA CSIE E CCEC
RB4.1. Diferenciar a	RB4.1.1. Coñece e explica con exemplos a	RB4.1.1.1. Coñece os sacramentos de servizo	5,88%		X		<u>I.Av.:</u> diario de clase, caderno de clase, escalas de observación,	Activa, creativa, participativa, combina as actividades	CCL CCA

aportación dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.	razón pola que Confirmación, Orden e Matrimonio están ao servizo da Igrexa. RB4.1.2. Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, Orden e Matrimonio.	da Igrexa: Confirmación, Orden e Matrimonio. RB4.1.2.1. Coñece a liturxia dos sacramentos da Confirmación, Orden e Matrimonio.					posta en común, resúmenes. <u>P.Av.</u> : observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado.	individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CSIE E CCEC
RB4.2. Identificar os rasgos do tempo litúrxico da Pascua.	RB4.2.1. Sinala e explica os principais signos pascuais. RB4.2.2. Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.	RB4.2.1.1. Coñece os principais signos pascuais. RB4.2.2.1. Crea unha composición que exprese a alegría e a paz que sentiron os discípulos ao atoparse co Resucitado.	5,88%			X	<u>I.Av.</u> : diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común, resúmenes, textos escritos. <u>P.Av.</u> : observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado.	Activa, creativa, participativa, combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CCL CAA CCEC
RB4.3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado.	RB4.3.1. Selecciona testemuñas de cristiáns e xustifica o cambio xenerado polo encontro co Resucitado.	RB4.3.1.1. Localiza testemuñas de cristiáns e xustifica o cambio xenerado polo encontro con Xesús resucitado.	5,88%			X	<u>I.Av.</u> : diario de clase, caderno de clase, escalas de observación, posta en común, investigaciónes. <u>P.Av.</u> : observación sistemática, análise de producións do alumnado, intercambios orais co alumnado.	Activa, creativa, participativa, combina as actividades individuais coas grupais, promove o protagonismo do alumno/a.	CCL CAA CSC CSIE E

4. OBXECTIVOS POR CURSO

- Recoñecer a imposibilidade de alcanzar a plenitude para a natureza humana.
- Aceptar que para ser feliz necesitamos un Salvador.
- Evidenciar a consecución da plenitude humana en relación de Deus en distintos signos de diferentes culturas.
- Recoñecer a humanidade da persoa na relación con Deus.
- Apreciar a riqueza dos textos históricos.
- Recoñecer o encontro con Deus a través de Xesús.
- Comprender como Xesús cumpre a vontade de Deus a pesar dos obstáculos.
- Ver na Igrexa a continuación da misión de Xesús.
- Recoñecer nos sacramentos de servizo a misión da Igrexa.
- Comprender os trazos do tempo litúrxico de Pascua.
- Identificar no encontro co Resucitado un cambio de vida.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Dados os diferentes escenarios que poidan xurdir, botaremos man da Aula virtual, páxina web do cole, correos electrónicos e wasapas das familias, por se en algún momento as clases non se poidan facer completamente presenciais (nas que teremos en conta a distancia de seguridade dos alumnos entre eles a

hora de realizar calquera tarefa sexa individual ou grupal. A metodoloxía basearase na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa. Teremos en conta ademais:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, mobilizando os coñecementos previos, e a memorización comprensiva.
- Posibilitar situacións de aprendizaxes motivadoras, que teñan sentido para o alumno.

Na nosa práctica docente incidiremos nos seguintes principios:

- Metodoloxía activa, buscando a integración dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxes.
- Motivación, partindo dos intereses, demandas e necesidades do alumnado.

- Fomento das actividades grupais, co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Fomentar as actividades básicas e instrumentais, imprescindibles e funcionais, seleccionando aqueles contidos que sexan máis relevantes.
- Gradación das actividades: garantir uns mínimos para todos e na medida do posible, desenvolver as potencialidades de cadaquén.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper un ritmo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.
- Autonomía na aprendizaxe: procurar que o alumno aprenda a aprender, participando na planificación e na toma de decisións sobre a aprendizaxe.

A metodoloxía específica de cada área será concretada nas programacións de aula respectivas

As actividades irán sempre secuenciadas de menor a maior complexidade e serán motivadoras e funcionais; procurando unna aprendizaxe significativa. Completaranse con actividades de reforzo e ampliación para dar resposta á diversidade. Traballarase con diferentes tipos de agrupamentos (individual, pequeno e gran grupo) o que contribúe a construír o concepto de socialización nos nenos/as e tamén se valorará o traballo en pequenos grupos como forma de cooperación para acadar un obxectivo común.

As actividades de cada área especificaranse na programación de aula.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Disporemos de **recursos humanos** como as propias explicacións dos mestres e mestras de cada área, así como a colaboración das mestras de AL e PT se fora preciso. Será un recurso fundamental a familia, para o intercambio de información e colaboración co centro. Levaremos a

cabo tamén, relacións de colaboración con distintas entidades e servizos profesionais como: concello, AMPA, servizos sociais, gabinetes psicopedagóxicos,...

Os **recursos materiais** serán amplos e variados: programacións didácticas, libros de texto, cadernos de observación e seguimento, libros de consulta, guías, internet (vídeos online, xogos e recursos educativos online...), ecerado dixital interactivo, CD's, dicionarios, periódicos, mapas, libretas, bolígrafos, carpetas, regras, rotuladores, compás, pegamento, rotuladores, carteis, imaxes, murais e láminas, material manipulativo (billetes e moedas, corpo xeométricos...), contos...

En canto aos **recursos ambientais**, os lugares habituais de traballo son a aula do grupo-clase e as aulas onde se imparten as diferentes especialidades. Ademais utilízanse a aula de informática e a biblioteca cando sexa preciso. Tamén se fará uso de lugares externos ao centro como: parques, paseo marítimo, museos, teatro, concello,....

O **libro de texto** empregado en 6º para o curso será da Editorial Edebé en galego. Seguiremos as indicacións do Protocolo COVID-19 á hora do seu uso e mantemento.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación que se vai levar a cabo ao longo do proceso educativo será global e continua; empregando diferentes técnicas como a observación directa, a análise de producións dos alumnos/as, intercambios orais e probas. Outro tipo de avaliación que se levará a cabo será a autoavaliación ao final de cada unidade xa que é indispensable para lograr que o alumnado acade certa autonomía e se implique responsablemente no proceso de aprendizaxe, ademáis de que elabore xuízos e criterios persoais.

Ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe, a avaliación levarase a cabo en tres momentos diferenciados:

- Avaliación inicial: o fin é coñecer as ideas previas, capacidades e actitudes do alumnado.

- Avaliación continua ou formativa: que permitirá adecuar o proceso educativo ás necesidades dos alumnos/as.
- Avaliación sumativa ou final: o obxectivo será comprobar o grado de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/as.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CORRECCIÓN
Terase en conta o desenvolvemento das competencias e contidos.	Probas especificad orais e escritas. Rúbricas	<p>Nas probas escritas outorgarase unha puntuación a cada apartado e darase a coñecer este ao alumnado.</p> <p>Empregaranse rúbricas que establecen os indicadores a ter en conta e farase partícipes destes aos alumnos para avaliar tarefas orais, escritas, presentacións, traballos...</p> <p>Se nunha área a media das notas dos exames feitos ao longo do trimestre é inferior a 4, a nota de avaliación será automaticamente de insuficiente, aínda que vai predominar a decisión do titor ou mestre especialista, no seu caso, en relación ás súas áreas.</p>
Avaliarase o traballo	Observación directa,	Cada tipo de tarefa (segundo sexa escrita, oral, individual ou en

diario	cadernos de aula, actividades desenvolvidas na aula, portfolio tarefas e proxectos...	grupo...) terá asignados uns indicadores a avaliar.
Teranse en conta o esforzo, participación, responsabilidade no traballo, actitude,...	Observación directa.	Levarase un rexistro a través do diario de clase, semanalmente asignarase unha puntuación.

Criterios de cualificación:

-60% da nota: probas de adquisición e dominio de contidos que se realizarán para cada avaliación. Calcularase a nota media ponderada das cualificacións obtidas en todos os controis realizados durante a avaliación.

-40% da nota: valorarase a realización das actividades propostas; contestación ós exercicios prácticos; participación en traballos de grupo; debates; e a actitude cara a materia, ós compañeiros e ós Mestres.

Criterios de promoción:

O alumno accederá ao curso seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Procedementos para avaliar a propia programación.

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento da programación na aula.
- Relación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.
- Adecuación dos anteriores ás necesidades reais.
- Aprendizaxes acadadas polos alumnos.
- Medidas de atención á diversidade.
- Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais.
- Coordinación entre o profesorado.

Indicadores de logro para a práctica docente.

	Acadados	Acadados parcialmente	Sen acadar
Temporalización			

Motivación por parte do alumnado			
Motivación por parte do mestre			
Contextualización e adaptabilidade do traballado á vida cotiá.			

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS

Coa intención de saber cales son os coñecementos previos do alumnado ao comezo do novo curso, así como o grao de adquisición das competencias clave, sobre todo no desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e na competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, realizaranse unha serie de probas nas áreas de matemáticas, lingua galega e lingua castelá.

Na área de matemáticas realizaranse actividades onde se traballarán, entre outros, os números naturais (descomposición, lectura, escritura, ordenación,...); operacións básicas de sumas, restas, multiplicacións e divisións; así como a resolución de problemas da vida cotiá.

En canto ás áreas de lingua, aparte dos contidos básicos, desenvolverase tanto a comprensión e a expresión oral e escrita.

Deste xeito, conseguiremos un punto de partida para comezar a traballar, tanto de forma individualizada como de forma colectiva; e así, afianzar aquelas aprendizaxes nas que o alumnado ten dificultades e comezar o desenvolvemento das competencias e ampliación de coñecementos deste novo curso.

No caso de que algún alumno ou alumna presente dificultade no desenvolvemento dalgunha competencia ou non acade os obxectivos anteriores aos necesarios para poder continuar os do novo curso, valoraremos a posibilidade de que reciba apoio na aula e/ou reforzo educativo por parte da mestra de PT ou AL; así como, a colaboración da orientadora se fose preciso.

Teremos en conta as indicacións do Protocolo COVID-19, e no caso de que non poda ser presencial avaliarase segundo os traballos dos

rapaces que envíen.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado. Medidas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Tanto a recuperación como a ampliación, para aquel alumnado que as precise, están integradas no propio proceso de ensino-aprendizaxe e realizaranse dende o momento en que se detecte unha dificultade.

Estas medidas levaranse a cabo dentro da aula e, de ser estas insuficientes, solicitarase a axuda do Equipo de Orientación e o apoio das mestras de PT e AL.

No que respecta ao reforzo, a medida que se diagnostican fallos na aprendizaxe trataranse de recuperar mediante:

- Atención individualizada por parte do mestre sobre os aspectos das diferentes materias nos que o alumno/a presente carencias.

- Tarefas nas que se traballarán e profundizarán aspectos nos que os alumnos presenten problemas, tratando de corrixir os fallos detectados para evitar que istos queden fosilizados. Segundo as necesidades do alumno, estas actividades poden ser realizadas de forma guiada polo mestre ou ben de forma máis autónoma.

Dun modo similar, para o alumnado aventaxado, teranse preparadas actividades de ampliación cun maior grado de complexidade.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Concíbense as actividades complementarias e extraescolares como unha parte fundamental do proceso de ensinanza-aprendizaxe, no sentido de que non só permiten fundamentar e complementar as actividades de aula, senón que son un elemento moi importante na inserción e integración do alumnado nos grupos básicos de referencia a nivel escolar (grupo-clase, centro) e no seu contorno próximo.

Neste curso escolar realizaremos algunha saída que iremos propoñendo en cada trimestre. Traballaremos a nivel de aula e/ou centro, as efemérides que aparecen no calendario escolar para o curso académico (recollidas na PXA).

Ademáis destas actividades programadas, posiblemente xurdirán novas actividades, previsiblemente ofertadas polo Concello e/ou outras organizacións. A celebración das actividades que afectan a toda a Comunidade Escolar son:

1º Trimestre: Día das Bibliotecas Escolares (outubro), Samaín (outubro), Magosto (novembro), Nadal (decembro).

2º Trimestre: Día da Paz (xaneiro), Entroido (febreiro), día Internacional da Muller Traballadora (marzo), semana da prensa.

3º Trimestre: Semana do libro, Letras Galegas.

Polo que respecta ás actividades **extraescolares**, destacamos: as actividades levadas a cabo polo Concello, ANPA, asociacións deportivas.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Tanto a práctica docente como o proceso de ensino revisaranse cunha periodicidade trimestral, iso é, con anterioridade a cada avaliación levarase a cabo unha análise dos devanditos aspectos coa finalidade de que, no caso de ser necesario, se efectúen as modificacións oportunas para o seguinte trimestre ou curso académico. Deste xeito, asegurárase que ambos os dous apartados estanse a desenvolver correctamente.

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o nivel?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
18.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
19.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
20.- Definíronse plans específicos de reforzo ou recuperación e apoio para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso?				
21.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
22.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
23.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
24.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 12º, 6 do D.105/14)				
25.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
26.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
27.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				